



PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSION EN LINGUA INGLESA "VIGO EN INGLÉS 2025"

1º COMO SOLICITAR A PRAZA

Entra nas webs "<https://escolas.vigo.org/vigoeningles>" e/ou

"<https://www.vigoeningles.org/convocatoria>" cubre on line o Formulario de Solicitud de praza e asínao (ambos proxenitores). É necesario rexistralo para que sexa unha solicitude válida. Hai 2 vías:

- **Solicitud telemática (preferente)**- Entrando no enlace <https://www.vigo.org/solicitud-vigoeningles>, cubrir os campos requiridos e premendo "tramitar por internet", acceder á carpeta cidadá para rexistrar o formulario de solicitude. (deberá dispoñer de certificado dixital, DNI electrónico, usuario e contrasinal do Concello...)

- **Solicitud presencial**- Presentando o formulario de Solicitud no Rexistro Xeral do Concello previa cita no 010 / 986 810 260 / 986 810 100 ou na web "citaprevia.vigo.org"(Luns a Venres entre 9-13,30h).

A documentación que corresponda presentar en cada caso, poderá achegarse -electronicamente mediante o seu escaneado no lugar indicado no Formulario de Solicitud ou ben presentar fisicamente en papel no momento de realizar a solicitude presencial.

2º REQUISITOS

a) Estar a cursar 3º da ESO nun centro educativo do Concello de Vigo sostido con fondos públicos durante o curso académico 2024/2025.

b) Ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO.

c) Ter obtido como mínimo unha nota de 7 na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2.º de ESO.

d) Estar empadroadado no Concello de Vigo (vixencia mínima 01/01/2024)

e) Non ter concedida, no ano 2025, outra axuda coa mesma finalidade.

f) Ter DNI/NIE, permiso de residencia e pasaporte en vigor

3º DOCUMENTACION QUE TES QUE PRESENTAR

a) **Formulario de Solicitud de praza** unha vez cuberto on line e asinado.

b) **Certificación académica orixinal** emitida polo centro educativo do Concello de Vigo sostido con fondos públicos na que conste **estar matriculado en 3.º de ESO no curso académico 2024/2025 ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO, e a nota final en lingua inglesa de 2º da ESO.**

c) **DNI/NIE do alumno/a**, autorización de residencia e , no caso de dispor del, **pasaporte** (en vigor).

d) **DNI/NIE**, autorización de residencia ou pasaporte **dos solicitantes** (pai e nai ou titor/a legal) que asinan o formulario de solicitude.

e) **Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar ou documentación acreditativa da titoría legal**

f) De ser o caso, **acreditación documental das circunstancias familiares**, tales como: Título de familia numerosa, título de familia monoparental, sentenza de divorcio e convenio regulador onde conste o relativo á custodia, certificado de defunción (no caso de viuvez).

g) De ser o caso, **Certificado de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar** emitido polo órgano competente cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%

h) **Xustificación de ingresos**: Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia simple da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.

i) No caso de que algún participante precise de **atencións médicas especiais** (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias...) deberán presentar un **certificado médico** que así o acredite.

4º PRAZO DE PRESENTACIÓN E RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS

O prazo de presentación de solicitudes será dende o luns 17 ao luns 31 de marzo de 2025, ámbolos dous incluídos.

As listas de solicitudes adxudicadas, lista de suplentes ou denegadas serán publicadas nas webs do programa "escolas.vigo.org/vigoeningles" e/ou "www.vigoeningles.org/convocatoria". Os/as alumnos/as aos que se lles adxudiquen as prazas definitivamente, previo acordo adoitado pola Xunta de Goberno Local, deberán presentar, no prazo de 5 días contados desde a publicación dos listados definitivos na páxina web:

- **Exentos de pago**- Aceptación expresa da praza vía telemática

- **Con achega familiar**- Tramitación vía telemática do pagamento

IMPORTANTE:

É imprescindible rexistrar o Formulario de Solicitud no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (telemática ou presencialmente) ou en calquera dos lugares establecidos no art. 16,4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. De non ser así, non se considerará unha solicitude válida.

5º CRITERIOS DE VALORACIÓN

Nota final inglés 2º ESO	Puntos
7	1
8	2
9	3
10	4

Familia Numerosa	Puntos
Categoría xeral	1
Categoría especial	2

6º DETERMINACIÓN UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA

- Cónxuxes e os seus descendentes menores de 25 anos ou maiores con discapacidade igual ou superior a 33%.
- Custodia compartida: os dous proxenitores e os seus descendentes menores de 25 anos ou maiores con discapacidade igual ou superior a 33%.
- Sen custodia compartida, monoparental - O/a proxenitor/a que teña a custodia e os seus descendentes menores de 25 anos. Neste caso soamente asina a solicitude o/a proxenitor/a que teña a custodia.
- Caso de divorcio sen custodia compartida ou viuvez e constitución de nova unidade familiar- O/a novo/a cónxuxe e os descendentes. Neste caso na solicitude deben figurar os datos do/a novo/a cónxuxe que debe asinar a solicitude.

7º ACHEGAS FAMILIARES

TRAMOS RENDA PER CÁPITA ANUAL DA UNIDADE FAMILIAR	ACHEGA FAMILIAR
Ata 8.000,00.-€	Exento
Entre 8.001,00.-€ e 11.000,00.-€	320.-€ (equivale ao 10% custe da praza)
Entre 11.001,00.-€ e 14.000,00.-€	480.-€ (equivale ao 15% custe da praza)
Entre 14.001,00.-€ e 17.000,00.-€	640.-€ (equivale ao 20% custe da praza)
Maior de 17.000,00.-€	800.-€ (equivale ao 25% custe da praza)

Cálculo Renda per cápita anual:

Base imponible xeral+Base imponible do aforro / nº membros unidade familiar da última Declaración da Renda

8º INFORMACIÓN E CONSULTAS

Nas webs <https://escolas.vigo.org/vigoeningles> e/ou

<https://www.vigoeningles.org/convocatoria>

e/ou ou dirixirse ao Servizo Municipal de Educación. Concello de Vigo , Praza do Reis/n, Planta 11ª

E-mail: vigoeningles@vigo.org

Tlfn: 986 810 181